

## PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN ALUMNADO PARA O VINDEIRO CURSO 2019/2020

### SOLICITUDES DE ADMISIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN: do **1 AO 20 de marzo** (ambos inclusive)

#### DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

1. Impreso de solicitude Anexo II debidamente cuberto: poderá cumprimentarse na aplicación *admisionalumnado* ou de forma manual. Deberase relacionar por orde de preferencia todos os centros no que se solicita praza. No caso de separación dos proxenitores, este impreso entregárase asinado polos dous proxenitores agás que a patria potestade a teña recoñecida mediante resolución xudicial un dos dous en exclusiva (entregar copia da sentenza xudicial).
2. Fotocopia de todas as follas do Libro de Familia.
3. Fotocopia dni do alumno e do pai, nai ou titor/a (se autorizan na folla de comprobación de datos non será necesario).
4. **Certificado de padrón con antigüidade dun ano**, con todos os membros da unidade familiar. No caso de que o menor conviva con outros familiares, é necesario **Certificación específica de convivencia real**, expedida polo concello a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.

Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de solicitudes para presentar a documentación xustificativa dos criterios de admisión. No caso de que a persoa solicitante o autorizase na solicitude, consultarase de forma automática a través de *admisionalumnado* (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar o datos relativos aos puntos 9,10 e 11.

Documentación para o baremo:	Puntos
<b>Domicilio dentro da área de influencia do centro: Certificado do Padrón municipal</b>	Máximo 6
<b>Domicilio dentro das áreas de influencia do centro: Certificado do Padrón Municipal</b>	Máximo 3
<b>Pola proximidade do lugar de traballo ao centro (non é compatible coa do domicilio familiar)</b>	Máximo 4
<b>Por ter un irmán matriculado no centro ou no Ies a Cachada en 1º ESO</b>	Máximo 8
<b>Pola segunda e seguintes irmá/irmáns matriculados no centro</b>	Máximo 2 por cada un
<b>Por ser traballador/a do propio centro</b>	Máximo 3
<b>Calcular a renda familiar do ano 2017: sumar os recadros 415+4355 da renda (sempre os dous cónxuxes), e dividilo polos membros da unidade familiar. (IPREM 6.454,03 €). Non é necesario presentar a renda.</b>	Máximo 3
<b>Familia numerosa: fotocopia compulsada do libro de familia numerosa que deberá estar ó día</b>	Máximo 3
<b>Pola condición de discapacitado (Achegar documentación acreditativa)</b>	Máximo 4